João Servando

Rubrica
Um dia vi mia senhor,
que mi deu atal amor
que nom direi per u for
quem ést[e], per nulha rem;
nom ous'eu dizer por quem
mi vem quanto mal mi vem.

Preguntam-me cada dia polo que nom ousaria dizer, ca m'hei todavia medo de mort', e por en nom ous'eu dizer por quem mi vem quanto mal mi vem.

Preguntam-m'em puridade que lhis diga en verdade, mais eu, com gram lealdade, e por nom fazer mal-sem, nom ous'eu dizer por quem mi vem quanto mal mi vem.

Andam-m'assi preguntando que lhis diga por que ando trist', [e] eu, por Sam Servando, com pavor que hei d'alguém, nom ous'eu dizer por quem mi vem quanto mal mi vem.

cantigas-stag.square-bit.com

© 14/12/2025